

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A
UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS
EXTERNAS CURRICULARES DOS ESTUDANTES DO GRAO EN TURISMO E DO
MÁSTER EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO INTERIOR E DE
SAÚDE NA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017

REUNIDOS

Por unha banda, D^a María Nava Castro Domínguez, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Pola outra, D. _____, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 17/2014, do 24 de abril, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 79, do 25 de abril de 2014), de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, e publicados no DOG nº 21, do 2 de febreiro do 2010 (BOE nº 69, de 20 de marzo de 2010).

EXPOÑEN

Primeiro.- Que na nova ordenación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES) ponse unha especial énfase na realización por parte dos estudantes de grao e mestrado de prácticas externas con valor académico en entidades públicas ou privadas, nacionais ou

internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitalos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

Que a Axencia Turismo de Galicia en particular, apoia as iniciativas conducentes á formación dos alumnos para a súa dedicación profesional aos distintos sectores do ámbito turístico, polo que apoia a colaboración no sistema de formación do alumnado da Universidade de Vigo.

Segundo .- Que a Universidade de Vigo, como fornecedora do servizo público da educación superior, ten a vontade de adecuar os programas educativos ás necesidades do mundo educativo así como potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas xa que constitúe un complemento para a formación do alumno o coñecemento da realidade empresarial no ámbito das ensinanzas teóricas impartidas ao alumno.

Por todo isto, subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Universidade de Vigo para a programación e desenvolvemento de prácticas profesionais tuteladas do alumnado do Grao universitario en Turismo e do Máster universitario en dirección e planificación do turismo interior e de saúde impartidos na devandita universidade.

O obxecto das prácticas é o desenvolvemento de tarefas adecuadas ao seu nivel de formación que lle sirvan para adquirir unha experiencia enriquecedora para que, unha vez rematado o seu período de estudos, poida dispoñer dunha perspectiva que lle permita o seu engarce no mundo laboral.

As prácticas se desenvolverán nas diversas áreas integrantes da Axencia de Turismo de Galicia de acordo coas necesidades formativas do alumno.

Segunda.- Número de prazas

O número de prazas dependerá da dispoñibilidade que no seu momento exista nas diversas áreas da Axencia Turismo de Galicia.

Terceira.- Período de realización das prácticas

As prácticas que son obxecto deste convenio poderanse desenvolver durante todo o ano en función da dispoñibilidade

Cuarta.- Número de horas e créditos que se concederán

As prácticas que realicen os alumnos non poderán superar os límites de horas e créditos que para estes efectos establecen os planes de estudo.

Quinta.- Titores responsables e órgano universitario responsable

A Comisión de seguimento nomeará para os períodos de prácticas as persoas responsables por parte da Universidade de Vigo e da Axencia Turismo de Galicia que actuarán como coordinadores responsables, supervisarán a súa realización e emitirán un informe final sobre o seu contido e avaliación.

Sexta.- Selección do alumnado

A Universidade de Vigo seleccionará ás persoas que van realizar as prácticas consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

Ademais das normas xerais de valoración de expedientes, teranse en conta os seguintes criterios:

- Titulación que deben cursar os alumnos: Grao universitario en Turismo ou Máster universitario en Dirección e Planificación do Turismo interior e de saúde

Sétima.- Memoria das prácticas

Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.

Oitava.- Procedemento de avaliación

A avaliación das prácticas realizaraa a Universidade de Vigo a través dos seus titores, a vista da memoria elaborada polo alumno/a e do informe do titor/-ra da Axencia Turismo de Galicia

Soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia xustificada non excede do 15% das horas programadas ou o que determine a guía docente do programa de estudos.

Novena.- Certificación

Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación favorable, a Axencia Turismo de Galicia emitiralle a cada un dos alumnos que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos ou avaliación realizados.

A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada a avaliación que das prácticas realice a Universidade de Vigo

Décima.- Relación contractual

A subscrición do presente convenio non supón a existencia de relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os alumnos que van desenvolver as actividades e a Axencia Turismo de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, directa, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Undécima.- Seguro

Os riscos de enfermidade ou accidente estarán cubertos polo correspondente seguro escolar “Haec Luce”, que pode ser ampliado nas súas coberturas de xeito individualizado e voluntario por cada estudante. Como complemento, a entidade colaboradora poderá subscribir ao seu cargo un seguro adicional

Duodécima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por parte da Universidade de Vigo pola persoa que esta delegue e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Comisión de seguimento terá as seguintes competencias respecto ás prácticas tuteladas:

- Resolver os problemas que suscite a súa execución
- Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- Formular as propostas sobre o número de prazas para a realización das prácticas formativas de acordo cos criterios e normas establecidos ao respecto.

Décimo terceira.-Entrada en vigor e vixencia do convenio

1. Este convenio empezará a producir os seus efectos a partir da data da súa sinatura e terá unha duración de 4 anos.

Non obstante, antes do remate do prazo previsto se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2 Coa sinatura deste convenio queda derogado calquera outro que coa mesma finalidade asinaran as partes.

Décimo cuarta.-Normativa de aplicación

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose ós seus efectos polas cláusulas nel establecidas, pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, procedemento administrativo común das administracións públicas e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Supletoriamente aplicárase a seguinte normativa:

- Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro polo que se establece a ordenación das ensinanza universitarias
- Normativa do plan de estudos da titulación

Décimo quinta.- Resolución do convenio.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O transcurso do prazo máximo de vixencia do mesmo incluído o período de prórroga establecido no mesmo.

- c) O acordo unánime dos asinantes.
- d) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes, previa reunión da comisión de seguimento
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- f) Por calquera das causas contempladas na normativa da universidade sobre prácticas externas.

3 Se no momento da rescisión algún ou algunha estudante estivese realizando prácticas, continuará estas ata o remate establecido.

Décimo sexta.- Condicións de rescisión da práctica

O incumprimento por parte do alumno das súas obrigas ante a entidade colaboradora, poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como alumno en prácticas.

Décimo sétima.- Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizar ou dispoñer dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obligue a cumprir o deber de secreto antes citado.

Décimo oitava.- Xurisdición competente

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Axencia Turismo de Galicia, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado do contencioso administrativo.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Xunta de Galicia

Pola Universidade de Vigo

A directora de Turismo de Galicia

O Reitor

María Nava Castro Domínguez